

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Sistemas de interpretación
DISCIPLINA	Interpretación no audiovisual I
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual
CURSO	Cuarto
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	María Crespo
DOCENTES	Nome e apelidos: María Crespo Méndez Despacho: D3 Contacto: <a href="mailto:mariafrancelina@edu.xunta.es">mariafrancelina@edu.xunta.es</a> TITORÍAS: <a href="https://esadgalicia.com/curso-escolar/">https://esadgalicia.com/curso-escolar/</a> Nome e apelidos: Francisco Peleteiro Despacho: D3 Contacto: <a href="mailto:franpeleteiro@edu.xunta.gal">franpeleteiro@edu.xunta.gal</a> TITORÍAS: <a href="https://esadgalicia.com/curso-escolar/">https://esadgalicia.com/curso-escolar/</a>
DESCRICIÓN	Principios teóricos e dimensión práctica dos principais recursos técnicos e interpretativos da construción da personaxe e a súa integración nun proxecto audiovisual.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Convén ter cursado as disciplinas Interpretación I, II, III e IV
LINGUA NA QUE SE IMPARTE	Galego, Castelán.
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á auto formación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
E11	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
E12	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
E13	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
E15	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	
1. Capacitar ao alumno na aprendizaxe das técnicas audiovisuais	COMPETENCIAS VINCULADAS T1, T2, T3, T6, X3, X6, E11, E12
2. Capacitar ao alumno para desenvolver o seu traballo interpretativo no medio audiovisual.	T3, T6, X5, X6, E11, E12, E13
3. Desenvolver as relacións co equipo técnico e co director.	T2, T3, T7, T8, X8, E13,
4. Coñecer o ámbito de traballo, a terminoloxía e características específicas do	T2, X5, X6, X8, E13, E15

medio audiovisual.			
5. Dotar ó alumno de coñecementos básicos da narrativa audiovisual.		T6,X3,X6, E13,	
6. Desenvolver o sentido ético do actor e auto disciplina no traballo actoral.		T6,T7,T8,X3	
<b>4. CONTIDOS</b>			
<b>TEMAS</b>	<b>SUBTEMAS</b>	<b>SESIÓNS</b>	
1. Sistemas interpretativos	1.1. Coñecementos técnicos básicos: o director e seus colaboradores. As funcións específicas. A luz. O son. Os planos. O <i>raccord</i> .	3h  2h 1h	
	1.2. O texto: o guión. Secuencias; escenas, tomas. Diferenzas entre o cine e a televisión.	2h 25h 1h	
	1.3. Os xéneros audiovisuais: Os ritmos. As pausas. A evolución. A continuidade. A coherencia da personaxe.	2h 6h	
	1.4. A construción da personaxe no audiovisual: A primeira lectura. As preguntas básicas ó director. O método stanislavskiano como xermolo.	3h	
TOTAL SESIÓNS		45	
<b>5. PLANIFICACIÓN DOCENTE</b>			
<b>Actividade / Número de horas</b>	<b>Presencial (horas)</b>	<b>Non presencial (horas)</b>	<b>Total</b>
Actividades introdutorias	4		4
Exposición maxistral			
Exposición práctico-teórica	4		4
Práctica individual	20	25	45
Práctica colectiva	10	10	20
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias	2	10	12
Outros			
Titorías individuais	2		2
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas	3		3
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras			
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	45	45	90
PORCENTAXE	50%	50%	100%
<b>6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Actividades</b>	<b>Descrición</b>		
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.		
Resolución de exercicios	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.		
Presentacións/exposicións.	Exposición por parte do alumnado sobre algún dos contidos da materia. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.		
Debates	Charla aberta que pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema.		
Traballos de aula	O estudante desenvolve prácticas específicas na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.		
Estudos/actividades previos	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula de forma autónoma por parte do alumnado.		
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.		
Prácticas	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten integrar as competencias da materia e adestrar, entre outras, as capacidades		

	de aprendizaxe en cooperación, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.	
Titoría en grupo	Entrevistas que os alumnos manteñen co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.	
Titorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.	
<b>7. ATENCIÓN PERSONALIZADA</b>		
Seguimento	Farase un seguimento personalizado, integrado nas diferentes actividades avaliadas.	
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso.	
<b>8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN</b>		
<b>8.1 Avaliación ordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Seguimento diario	T1, T2, T3, T6, T7, T8	30%
Execución de traballos	X3, X5, X6, X8	30%
Gravación de escenas	E11, E12, E13, E15	40%
<b>8.2. Avaliación extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
1. Realización ou posta en escena dun traballo (teórico ou práctico, segundo o tema) sobre cada un dos temas traballados durante o curso, dunha duración mínima de 6 minutos cada un, no caso práctico, e cunha extensión mínima de 10 folios, no caso teórico. A continuación detallase que temas deben ser traballados de forma práctica, e cales de forma teórica: -TRABALLO TEÓRICO: Tema 1, subtemas 1.1; 1.4.  -TRABALLOS PRÁCTICOS: Deberá desenvolver unha escena por cada tema, na que poña de manifesto a temática concreta. Tema 1, subtemas 1.2, 1.3. ESTAS ESCENAS PODERÁN SER GRAVADAS O DÍA DO EXAME E SE GRAVARÁN CUN MÍNIMO DE 3 TOMAS E 2 PLANOS, OU BEN O ALUMNO AS PROPÓN XA GRAVADAS E EDITADAS.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X3, X5, X6, X8, E11, E12, E13, E15	30%  50%
2. Recensión dun libro, a escoller polo alumno, da bibliografía básica, e posto en relación cos temas da guía docente.	T1, T2, T6, T8, X3, X8, E13, E15	20%
<b>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
As mesmas que na extraordinaria	As mesmas que na extraordinaria	As mesmas que na extraordinaria
<b>9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS</b>		

#### Referencias básicas

Barr, Tony. (2002) *Actuando para la cámara*. Madrid: Plot ediciones.  
Serna, Assumpta. (2004). *El trabajo del Actor de cine*. Madrid: Cátedra

#### Referencias complementarias

Camino, Jaime. (2008). *El Oficio de director de cine*. Madrid: Cátedra  
Miralles, Alberto. (2010). *La dirección de actores*. Madrid: Cátedra.  
Hethmon, Robert. (2015). *El método del Actor's Studio: conversaciones con Lee Strasberg*. Madrid: Fundamentos.

### 10. OBSERVACIONES / RECOMENDACIONES

Para superar a materia os alumnos serán que ter aprobados todos os traballos de aula/escenas/gravacións. Os alumnos que perderan a avaliación continua, e teñan superada parte da materia antes desa perda, poderán examinarse daquelas partes que teñan pendentes, e non da totalidade do curso, sempre e cando mostren interese pola materia e non a abandonen por completo.

Os exercicios específicos obxectos do exame serán comunicados polo profesor con antelación, sempre que o alumno se comunique co profesor con tempo.

**Nota:** Os traballos teóricos serán unha presentación APA, tal e como recolle o manual de calidade da ESAD.

**Sección 7. Planificación da ensinanza. IP701.14 Normas presentación traballos e TFE**

<https://esadgalicia.com/calidade/>

#### MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serán as que seguen:

##### ACTIVIDADE 1.

A) Lectura da referencia bibliográfica básica: Serna, Assumpta. (2004). *El trabajo del Actor de cine*. Madrid: Cátedra. Recensión que inclúa a comprensión e coñecemento dos subtemas 1.1, e 1.2.

B) Defensa oral do traballo anteriormente citado. A defensa será a través da plataforma webex. O alumnado exporá os seus achados, as súas eivas e unhas conclusións. O/a docente poderá formular preguntas sobre o traballo, que serán avaliadas tendo en conta a adecuación da resposta, a linguaxe técnica e axeitada empregada, e a honestidade do alumnado.

**Competencias:** T1/ T2/ T6/ T8/ X5/ X8/ EI1/ EI3.

**Ponderación:** 20% Traballo teórico 10% Defensa Oral

##### ACTIVIDADE 2.

A) A través da plataforma webex gravaremos en directo un texto proporcionado polo/a docente, e analizaremos o perfil interpretativo de cada un dos alumnos e alumnas.

B) Gravación autónoma dun monólogo encadrado dentro do perfil de cada alumno/a, proporcionado polo/a docente.

**Competencias:** T1/ T6/ T7/ X3/ X6/ EI2/ EI3

**Ponderación:** 40%

##### ACTIVIDADE 3.

Gravación autónoma dun *self-tape* encadrado dentro do perfil de cada alumno/a, proporcionado polo/a docente.

**Competencias:** T3/ X3/ X5/ EI1/ EI2/ EI3

**Ponderación:** 30%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

**AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INSTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).**